



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

## REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE CAMBADOS

**PREÁMBULO.**- O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, o acceso á información e a participación cidadá, constitúen parte inseparable da sociedade democrática. A participación veciñal e, en xeral, de toda a base da sociedade, é necesaria para o funcionamento democrático desta, sendo tamén a chave para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e, asemade, favorece a participación activa de todas as persoas na vida do seu barrio, parroquia, lugar de traballo, etc.

Para que este mecanismo funcione, é preciso que a instancia política fomente a participación, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio.

En virtude do disposto na Lei 57/2003, os concellos deben establecer e regular en normas de carácter orgánico os procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos/as veciños/as nos asuntos da vida pública local. Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do capítulo V, e artigo 69 a 72 do capítulo I da Lei 5/1997 de administración local de Galicia e artigo 4.1. a) e capítulo IV do título V da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Régime Local), os concellos deben desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos da cidadanía e das entidades que os aglutinan e nas que estes se organizan, sendo estas as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, xuvenís, sindicais, de protección ambiental, de igualdade da muller, profesionais, empresariais, de sector, etc., que representan o elemento coordinador e vertebrador da colectividade.

É no nivel local onde o dereito á participación pode ser mellor exercitado, e onde é máis fácil a evolución da democracia representativa á democracia participativa.

Conscientes disto, o Concello de Cambados elaborou o presente Regulamento que regula a participación dos e das cidadás, das entidades e das asociacións na vida municipal de Cambados.

Estructúrase nun título preliminar, catro títulos, unha disposición transitoria e unha final.

No Título Preliminar abórdanse os obxectivos básicos do regulamento.

No Título Primeiro regúlase, de forma xeral, o dereito á información e recóllense os dereitos que goza a cidadanía en materia de información.

No Título Segundo articúlase o dereito á participación, regulándose de forma xeral o dereito de petición, a iniciativa popular e a iniciativa veciñal, a consulta popular, a audiencia pública e o dereito de intervención nos Plenos Municipais.

No Título Terceiro regúlanse as Entidades e Asociacións de Participación Cidadá e o rexistro no que ditas Entidades poden inscribirse.



*Ilmo Concello de  
CAMBADOS*

O Título Cuarto dedícase á regulación específica dos órganos de participación cidadá, nos que se inclúen os Consellos Sectoriais ou de Área e os Consellos e Assembleas Parroquiais.

Na Disposición Transitoria establecécese o prazo para a constitución e o nomeamento dos membros dos Consello Parroquiais.

Establecécese na Disposición Final, a previsión de entrada en vigor do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Cambados.

Ampárase dito regulamento nas seguintes disposicións legais:

- Constitución Española, fundamentalmente nos seus artigo 9.2 e 23.
- Lei Orgánica 3/1984, de 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular.
- Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do Dereito de Petición.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

## **Título PRELIMINAR.-**

**Artigo 1.-** O obxecto deste Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos/as cidadáns e das entidades e asociacións na xestión municipal do Concello, de conformidade coa lexislación vixente.

**Artigo 2.-** O Concello de Cambados, a través do presente Regulamento pretende cumplir os seguintes obxectivos:

- a) Establecer as formas, medios e procedementos de información e participación dos/as veciños/as e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co ordenamento xurídico vixente.
- b) Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos e, en xeral, sobre a xestión municipal.
- c) Fomentar a participación cidadá na xestión municipal, na vida pública e na toma de decisións por parte do Concello.
- d) Facilitar e promover a iniciativa e a participación dos cidadáns e entidades e asociacións na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos municipais, e facer efectivos os dereitos á información e participación dos cidadáns que establece a normativa legal vixente.
- e) Fomentar o asociacionismo cidadán.
- f) Crear os órganos e mecanismos que garantan o dereito de consulta dos/as veciños/as conforme ó establecido no artigo 70.3 da LBRL.

## **Título I.- O DEREITO Á INFORMACIÓN.-**

### **Capítulo I.- Da información ós cidadáns.-**



*Unno Concello de  
CAMBADOS*

Artigo 3.- Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións co Concello serán os contidos na Constitución e nos artigos 35 da Lei 30/92, 252.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Artigo 4.- O Concello asume a obriga de elaborar información detallada, comprensible pola ciudadanía, e facilmente accesible, relativa ás diferentes facetas da súa actuación e, especialmente, ó funcionamento dos servicios municipais. En calquer caso, será integralmente aplicable ó Concello de Cambados, no que poida selo, a Lei 29/2005, de Publicidade e Comunicación Institucional (BOE DE 30-12-2005), cuxos obxectivos prioritarios son os que constan no Preámbulo de dita Lei. As referencias de dita Lei á Comisión de Publicidade e Comunicación entenderán referidas ó/á Alcalde/esa.

Artigo 5.- A divulgación das actuacións municipais terá unha especial difusión cando se trate de asuntos de transcendencia, relevancia ou interese público.

Artigo 6.- Cando o considere oportuno, o/a Alcalde/sa convocará asembleas de interesados en asuntos concretos nas que se informará e recollerá a opinión dos/as veciños/as e Entidades de Participación Cidadá.

Artigo 7.- O Concello dará a máxima difusión das convocatorias e Ordes do Día dos Plenos e Comisións Informativas.

Artigo 8.- Serán obxecto de especial tratamiento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, como os orzamentos anuais, a creación e modificación das ordenanzas fiscais, plans de urbanismo, programas sociais, culturais, de saúde e outros que considere conveniente o Concello.

## Capítulo II.- Os medios de comunicación locais.-

Artigo 9.- O Concello fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación. A paxina Web do Concello permitirá:

- a) Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.
- b) Mellorar a transparencia da Administración Local incorporando á rede toda información de carácter público que se xere. O Concello incluirá na web os documentos pertinentes sobre a situación actual dos servicios municipais e a súa evolución no tempo.
- c) Potenciar a relación entre as Administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos cidadáns.
- d) Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.
- e) Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.

Artigo 10.- Na medida que se xeralice o uso dos recursos tecnolóxicos, o Concello desenvolverá e regulamentará progresivamente un foro ou rede informática cívica, aberta a tódalas persoas residentes e non residentes.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

Artigo 11.- O Concello fomentará o emprego da sinatura electrónica, dentro do proceso de modernización das Administracións Públicas e o seu achegamento progresivo e continuo á ciudadanía.

## **Título II.- O DEREITO Á PARTICIPACIÓN.-**

### **Capítulo I.- O derecho de petición.-**

Artigo 12.- Tódolos/as ciudadáns/ás poderán exercer o derecho de petición, nos termos establecidos na Lei Orgánica 4/2001 de 12 de novembro, ou norma legal que a substitúa.

### **Capítulo II.- O derecho de Iniciativa Popular e Iniciativa Veciñal.-**

Artigo 13.- Tal como se establece no artigo 70 bis da Lei 7/1985, precepto engadido polo artigo 1.3 da Lei 57/2003, os/as veciños/as que gocen do derecho de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a Iniciativa Popular presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias de competencia municipal. Ditas iniciativas deberán ir subscritas como mínimo polo 15% dos/as veciños/as con derecho a voto. Deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso requirirase o previo informe de legalidade do Secretario do Concello así como o informe do/a Interventor/a cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

Artigo 14.- A Iniciativa Popular pode incorporar unha proposta de consulta popular local, que será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos previstos no Capítulo III deste Título.

Artigo 15.- Enténdese por Iniciativa Veciñal, a forma de participación mediante a cal a ciudadanía, as Entidades e as Asociacións, propoñen ó Concello que leve a cabo unha determinada actuación ou actividade de competencia municipal de interese público e aporten medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal para acadalo.

Artigo 16.- A Iniciativa Veciñal deberá presentarse por escrito e deberán figurar os datos de identificación de quen realice a proposta ou, no seu caso, a entidade, asociación ou colectivo que represente. Cando o Concello reciba a iniciativa, someterase a información pública durante un prazo de 30 días.

Artigo 17.- O Pleno deberá decidir sobre a Iniciativa Veciñal no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da finalización da exposición pública. A decisión terá en conta principalmente o interese público da iniciativa. Antes da toma da decisión correspondente, o/a Alcalde/esa poderá solicitar aclaracións complementarias á persoa ou colectivo que fixo a proposta.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

Artigo 18.- En caso de que o Pleno do Concello aprobe a Iniciativa Veciñal, fará pública a forma e o calendario con que se levará a cabo e destinará, no seu caso, a partida económica correspondente.

### **Capítulo III.- A consulta popular.-**

Artigo 19.- O/A Alcalde/sa, de acordo co artigo 71 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 257 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos/as veciños/as, excepto os relativos á Facenda Local.

Artigo 20.- O resultado da consulta popular deberá someterse á consideración do Pleno no prazo máximo de 2 meses despois de realizado o referendo.

### **Capítulo IV.- O dereito de asistencia e intervención nos Plenos.-**

Artigo 21.- As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei reguladora das bases de réxime local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións, a través dos medios más adecuados ao caso. Igualmente, os representantes dos medios de comunicación social, terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para cumplir o seu traballo.

Artigo 22.- As Entidades e Asociacións de Participación Cidadá, inscritas no Rexistro Municipal de Entidades que desexen efectuar unha intervención no Pleno, en relación con algún punto da orde do día no que teñan a condición de interesados deberán solicitalo mediante escrito dirixido á Alcaldía, cunha antelación mínima de 2 días hábiles á data de celebración do Pleno. En dito escrito deberán xustificar e motivar a solicitude e a condición de interesado, así como indicar o nome e apellido da persoa que fará a exposición e, no seu caso, o cargo que desempeña na entidade ou asociación. A intervención, cun tempo máximo de 10 minutos, será previa á lectura, debate e votación do punto da orde do día.

Artigo 23.- Tódalas persoas físicas ou xurídicas teñen dereito a intervir nas sesións ordinarias do Pleno, de acordo coas prescripcións seguintes:

a) A intervención terá que ser solicitada á Alcaldía por escrito cunha antelación mínima de 48 horas previas á realización da sesión, por medio de escrito debidamente motivado.

b) O número máximo de intervencións en cada sesión será de dúas elixidas por orde de rexistro.

c) A Alcaldía poderá denegar a intervención nos seguintes casos:

- 1) Se é un asunto sobre o que o Concello non ten competencias.
- 2) Se xa se presentou noutra sesión outra petición sobre o mesmo ou sermellante asunto nos tres meses anteriores.



*Ilmo Concello de  
CAMBADOS*

d) A persoa solicitante disporá de dez minutos para facer a súa intervención despois de finalizada a sesión. Poderá ser contestada polo/a Alcalde/esa ou concelleiro/a competente.

Artigo 24.- Cando o Pleno do Concello trate dos asuntos sobre os que se teña articulado unha iniciativa popular, isto comportará automaticamente o dereito de intervención na sesión plenaria do representante dos propoñentes, sexa cal sexa o carácter desta, e sen a limitación temporal establecida no apartado d) do artigo anterior.

Artigo 25.- Poderán participar nos Plenos, nos termos establecidos no artigo 22 deste Regulamento, os Órganos de Participación Cidadán definidos no Título IV deste Regulamento.

### **Título III.- ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

#### **Capítulo I.- Definición e Dereitos das Entidades e Asociacións de Participación Cidadá..**

Artigo 26.- Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá tódalas asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos/as cidadáns/ás do municipio e, en particular, as asociacións de veciños/as, de nais/pais de alumnos/as, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e outras semellante, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social.

Artigo 27.- O Concello de Cambados favorecerá o desenvolvemento das Entidades e Asociacións de Participación Cidadá.

Artigo 28.- As Entidades e Asociacións de Participación Cidadá terán dereito a:

- a) Recibir información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.
- b) Facer propostas sobre os asuntos que afecten aos seus intereses e ao dos seus representados, no ámbito de competencia municipal e nos termos establecidos neste Regulamento, así como o exercicio do Dereito de Petición.
- c) Formar parte dos órganos de participación cidadá, de acordo co disposto no presente Regulamento.
- d) Facer uso dos medios públicos municipais, especialmente dos locais sociais e parroquiais, páxina web do Concello, boletíns, etc, nas condicións que determine a Administración Municipal
- e) Inscribirse no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá.

#### **Capítulo II.- Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá..**



Artigo 29.- O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir ó Concello coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, facilitar as relacóns entre estas e o Concello, coñecer os seus fins e a súa representatividade e peso específico, ós efectos de posibilitar o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

Artigo 30.- As entidades que aspiren a inscribirse en dito Rexistro deberán presentar:

- a) Instancia dirixida ao/a Alcalde/esa, solicitando a inscrpción.
- b) Copia dos estatutos ou normas de funcionamento vixentes.
- c) Número de inscrpción no Rexistro Xeral de Asociacións ou similar.
- d) Acta ou certificación, de acordo con dita normativa, da última asemblea xeral de socios, ou dun órgano equivalente, na que fose escollida a xunta vixente no día da inscrición.
- e) Sede social.
- f) Código de identificación fiscal.
- g) Certificación do número de socios inscritos no momento da solicitude.

Artigo 31.- No termo de 30 días desde a solicitude de inscrición, salvo que este se tivese que interromper pola necesidade de emendar deficiencias na documentación, o/a Alcalde/esa decretará a inscrición da entidade no Rexistro e notificaráselle esta resolución, co número de inscrición asignado. Desde este momento consideraráselle de alta a tódolos efectos.

Artigo 32.- As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que servise de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ao da data en que dita modificación se producise.

Artigo 33.- A efectos da continuación da vixencia da inscrición, tódalas entidades inscritas no Rexistro deberán presentar anualmente ao Concello, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha memoria onde constará como mínimo, unha relación de actividades e de actos realizados no transcurso do ano anterior, balance económico do exercicio, o número de asociados a día trinta e un de decembro, programa de actividades o orzamento para o ano seguinte.

Artigo 34.- Serán causa da cancelación da inscrición:

- a) A disolución da asociación por calquera causa.
- b) A falta de actividade.
- c) O incumprimento das obrigas establecidas polos artigos 32 e 33 deste regulamento.
- d) A perda dalgúnha das condicións para ser inscrita.

Artigo 35.- Anualmente elaborarase e actualizarse un arquivo de Entidades e Asociacións de Párticipación Cidadá, que incluirá, ademais dos datos xerais das entidades, as subvencións municipais que recibisen e o seu destino. Este arquivo remitirase a tódalas entidades e asociacións do Rexistro que o soliciten.



Un Concello de  
CAMBADOS

Artigo 36.- Para acadar que as asociacións cidadás poidan desenvolver as súas actividades con plenas garantías, o Concello colaborará en:

- a) Un servizo de asesoramento e formación, a diferentes niveis de participación e xestión.
- b) A aportación de recursos para promover a realización das súas actividades.

#### **Título IV.- OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.-**

##### **Capítulo I.- Os Consellos Sectoriais ou de Área.-**

Artigo 37.- O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais para cada unha das áreas da actividade municipal. Os Consellos Sectoriais son órganos de participación, información e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia. A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos Consellos Sectoriais serán establecidos polo Pleno do Concello, de conformidade co establecido na lexislación vixente. Deberán contemplar, en todo caso, a adecuada e suficiente representación e participación das asociacións veciñais, cuxa actividade teña relación co ámbito das súas competencias. Ditos Consellos crearanse sen prexuízo dos Consellos establecidos pola lei estatal ou autonómica.

##### **Capítulo II.- Os Consellos Parroquiais.-**

Artigo 38.- Os Consellos Parroquiais son órganos descentralizados de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial a participación de veciños, colectivos e entidades.

Artigo 39.- Constituirase un Consello Parroquial en cada unha das parroquias do Concello, excepto na capital municipal.

Artigo 40.- Cada Consello Parroquial poderá estar composto por:

- a) Alcalde/sa ou Concelleiro/a de Participación Cidadá.
- b) Veciño da parroquia que actuará de Secretario. O Secretario do Consello Parroquial e o substituto do mesmo, serán elixidos por maioría entre os membros da Asemblea.
- c) Vocais:
  - i. -Un representante das entidades de participación cidadá inscritas no Rrexistro Municipal, que teña como ámbito de actuación a parroquia e domicilio social na mesma.
  - ii. -Un representante de cada Lugar ou agrupación de Lugares .

Artigo 41.- O Secretario do Consello Parroquial será nomeado polo/a, a proposta da Asemblea Parroquial.



Concello de  
CAMBADOS

Artigo 42.- O vocal representante das Entidades de Participación será elixido polas mesmas entre as inscritas no Rexistro Municipal, que teñan como ámbito de actuación a parroquia e domicilio social na mesma. No suposto de inexistencia de ditas entidades de participación cidadá, designarase vocal un veciño de dita parroquia, proposto pola Asemblea Parroquial.

Artigo 43.- A duración dos cargos coincidirá coa do período que vai entre dúas eleccións municipais, renovándose dentro dos seis meses seguintes ás últimas eleccións.

Artigo 44.- En todo caso, a Asemblea veciñal poderá revocar ao Secretario do Consello Parroquial procedendo á elección doutra persoa no seu lugar.

Artigo 45.- Os Consellos Parroquiais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada catro meses, e en sesión extraordinaria cando o estimen necesario o/a Alcalde/sa, o/a Concelleiro/a de Participación Cidadá, o/a Secretario/a Parroquial, ou a terceira parte dos seus membros.

Artigo 46.- Compete ó Consello Parroquial a convocatoria e elaboración da Orden do día das sesións, das que se levantarán acta polo Secretario do Consello Parroquial.

Artigo 47.- A convocatoria, á que se lle dará a necesaria publicidade, para que os/as veciños/as poidan presentar solicitudes e propostas, farase alomenos con 8 días de antelación, salvo que a urxencia do asunto a tratar aconsellase reducir este prazo, que en ningún caso poderá ser inferior a 3 días. A xustificación da reducción do prazo acompañará á convocatoria.

Artigo 48.- As propostas adoptadas polo Consello Parroquial, deberán ser tratadas na Xunta de Goberno Local e recibirán unha contestación por escrito da decisión tomada ao respecto polo goberno municipal.

### **Capítulo III.- As Asembleas Parroquiais**

Artigo 49.- A Asemblea Parroquial estará constituída por todos los veciños da parroquia maiores de dezaoito anos e que dispoñen de dereito de sufraxio activo con capacidade de obrar.

Artigo 50.- A Asemblea Parroquial convócase polo Consello Parroquial. Reunirase ordinariamente como mínimo unha vez ó ano e extraordinariamente a proposta do Consello Parroquial, ou a iniciativa dos veciños que xunten o 20% de sinaturas acreditadas do padrón parroquial. Estará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa asistencia dun tercio dos seu componentes, e cos presentes, en segunda convocatoria.



*Umo Concello de  
CAMBADOS*

Artigo 51.- A Asemblea Parroquial estará presidida polo Secretario do Consello Parroquial, que levantará acta da asemblea.

Artigo 52.- Son funcións da Asemblea Parroquial, recibir información sobre a xestión municipal e sobre os proxectos levados a cabo polo Concello e facer suxestións ou propostas ó Consello Parroquial para que llas traslade ó Concello.

Disposición Transitoria.- No prazo máximo de seis meses, o/a Alcalde/sa ou Concelleiro en quen delegue, convocará as Asembleas Parroquiais para a elección e proposta de nomeamento dos membros dos Consellos Parroquiais. No prazo máximo de un mes desde a elección, constituiranse os Consellos Parroquiais.

Disposición Final.- De conformidade co disposto no art. 70.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, o presente regulamento entrará en vigor no prazo de un mes desde que sexa publicado integralmente no Boletín Oficial da Provincia, sempre que teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo texto legal, e tramitarase con arreglo ó procedemento establecido no artigo 49 da Ley 7/1985 , de 2 de abril. Xa que logo, establecécese un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións."

Cambados, marzo de 2.016  
A Concelleiro-Delegada da Área de Participación Vecinal  
Asdo.: M<sup>a</sup> Teresa Prado Cores